

"Proxecto de Declaración Final do Foro Sindical Internacional de Solidariedade co Pobo Saharauí 2024"

Nós, participantes nos traballos do Foro Sindical Internacional de Solidariedade co Pobo Saharauí, que se celebra entre o 20 e o 22 de outubro de 2024, na Wilaya de Auserd, Campamentos de Refuxiados Saharauís, e mentres concluimos a Segunda Edición deste foro, marcado por ideas políticas, intelectual e con nobres propósitos solidarios, destacamos a necesidade de organizar este tipo de eventos e actividades para crear, aglutinar os nosos esforzos e fortalecer o labor sindical dunha forma que sirva aos intereses así como a defensa das causas xustas, a loita dos nosos pobos e o apoio dos nosos traballadores en todos os campos do seu labor e espazos de loita.

Ao renovar o noso chamamento ás Nacións Unidas, á Unión Africana e a toda a comunidade internacional para que traballen máis e intensifiquen os esforzos a fin de garantir que o pobo saharauí goce dos seus lexítimos dereitos á liberdade e a independencia, de conformidade cos principios do dereito e a legalidade internacionais, consideramos que xa é hora de poñer fin sen demora a unha traxedia que durou demasiado. Neste sentido, subliñamos a necesidade de protexer os dereitos humanos no Sahara Occidental, expresando a nosa condena á realidade continua da ocupación ilegal marroquí de partes da República Árabe Saharauí Democrática.

Condenamos tamén o sufrimento que padecen os indefensos civís saharauís nas zonas ocupadas do Sahara Occidental e as rexións do sur de Marrocos, por mor das políticas de discriminación racista, marxinação e exclusión sistemática, que inclúe ás persoas desempregadas, graduadas e as desprazadas pola forza, nun momento no que a ocupación continúa fomentando de forma sistemática a construción de asentamentos para asolar o territorio de colonos e alentando a emigración das e dos habitantes autóctonos. Todo este sufrimento padéceo o pobo saharauí, ademais das necesidades e a situación precarias, nun territorio coñecido polas súas enormes riquezas e abundantes recursos naturais, que seguen sendo vulnerables ao saqueo sistemático marroquí a plena luz do día coa complicidade de forzas políticas e económicas, en clara violación de principios e normas do dereito internacional e o dereito internacional humanitario.

Aínda que chamamos á necesidade de garantir que o pobo saharauí exerza os seus lexítimos dereitos políticos, sociais, económicos e culturais, esiximos que as Nacións Unidas e a súa misión no territorio asuman a súa responsabilidade de protexer aos civís e informar sobre a situación dos dereitos humanos no Sahara Occidental.

Mentres tomamos nota de que, á luz da deterioración dos dereitos humanos e das condicións humanitarias despois de que a guerra volvese ocupar un primeiro plano, tras a violación marroquí do cesamento do fogo xunto ao seu asedio asfixiante, o refugallo de terras e a continua política de acoso e intimidación contra a persoas activistas saharauís, facemos un chamamento a traballar en conxunto para liberar a todas as persoas presas políticas nos cárceres marroquís e abrir o territorio aos observadores/as, ás misións internacionais e á prensa, poñendo fin de forma definitiva aos ataques contra civís, activistas e persoas defensoras dos dereitos humanos, así como os seus crimes e delitos de lesa humanidade cometidos pola ocupación marroquí contra os e as civís saharauís.

A pesar de que, desde esta plataforma lembramos e valoramos moito a decisión histórica do Tribunal de Xustiza Europeo que invalida o Acordo Comercial entre a Unión Europea e Marrocos que inclúe ao territorio do Sahara, as súas augas territoriais e espazo aéreo, esiximos tamén maiores esforzos e máis concertados para a plena implementación das resolucións da ONU relacionadas co conflito.

Chamamos á necesidade de fortalecer o traballo solidario sindical e unificar os seus esforzos para acompañar a loita do pobo saharauí e elaborar un mapa de acción futuro conxunto, co fin alcanzar os obxectivos e coordinar mellor os esforzos de solidariedade e loita dos nosos grupos e organizacións.

Os e as participantes nesta Segunda Edición do Foro Sindical Internacional de Solidariedade facemos as seguintes recomendacións:

- Continuar e establecer redes de traballo sindical en solidariedade coa loita popular e desenvolver un mapa de acción conxunta.
- Fortalecer os esforzos de solidariedade sindical internacional e traballar para ampliar a conciencia sobre a cuestión saharauí e a xusta loita do seu pobo nos diversos foros rexionais e internacionais.
- Acompañar á Unión Xeral de Traballadores de Saguia O-Hamra e Río de Ouro, así como as súas diferentes seccións ou departamentos, e estar xunto aos traballadores e traballadoras saharauís e a loita do seu pobo por unha vida digna dentro das diversas institucións da República Árabe Saharauí Democrática.
- Traballar para lograr os dereitos laborais e o apoio do foro a todas as cuestións laborais xustas en todo o mundo.
- Apoiar as causas xustas, en particular a cuestión saharauí e a cuestión palestina, e intensificar os esforzos de promoción para combater o colonialismo en todas as súas formas.
- Traballar para alcanzar os máis altos principios e ideais laborais en aras dun mundo o mellor posible, que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades e a xustiza social.

O Foro Sindical Internacional de Solidariedade co Pobo Saharauí

Wilaya de Auserd

Campamentos de Persoas Refuxiadas Saharauís

O 22 de outubro de 2024